

DINÁMICAS PARA FORMAR EQUIPOS SONS ANIMAIS



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

Esta dinámica é de utilidade para manter a cohesión grupal, á vez que se forman grupos para o traballo posterior por equipos.

Non conta con reflexión, polo que só é adecuada se xa antes reflexionaron sobre a importancia de coidar as boas relacións na aula. En caso de non ser así, será un xogo que permitirá crear un ambiente distendido para a sesión, non unha oportunidade de experimentar para aprender.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Cada persoa elixe ó azar un dos cartóns que lle ofrecemos, sen velo e sen permitir que os demais o vexan.
- ★ Nos cartóns hai debuxados uns animais. O alumnado debe agora levantarse e moverse pola aula imitando o son do animal que lle tocou, buscando ás demais persoas que fan un son similar.
- ★ Unha vez agrupados fórmanse os equipos.

MATERIAIS

- ★ Cartóns de animais (material elaborado para 6 grupos de 6 participantes).











